

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Primeiro semestre de 2023. “A mellor nova non é que non haxa novas”

Alba Nogueira López*

Sumario

Non existe ningunha novidade salientable nin no plano normativo, nin na planificación ou acción de normalización. As administracións galegas carecen de pulso normalizador.

Palabras chave: Lei simbólica; subvencións rotineiras; ausencia de medidas novidosas; Galicia.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

First half of 2023. “No news is not good news”

Abstract

There have been no notable developments with regard to laws, planning or actions in normalisation. The Galician public authorities have little muscle regarding normalisation.

Keywords: Symbolic Act; routine subsidies; lack of new measures; Galicia.

* Alba Nogueira López, catedrática de Dereito Administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es. [@albadetoba](https://orcid.org/0000-0001-8652-5614). [id 0000-0001-8652-5614](https://orcid.org/0000-0001-8652-5614).

Citación recomendada: Nogueira López, Alba. (2023). Crónica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2023. “A mellor nova non é que non haxa novas”. *Revista Catalana de Llengua i Dret, Journal of Language and Law*, 80, 304-307. <https://doi.org/10.58992/rld.i80.2023.4149>

Sumario

1 Introducción

2 Unha lei de grande simbolismo mais con pouco impacto normalizador

3 Unha actividade de fomento deslabazada é o núcleo duro da actividade lingüística autonómica

1 Introducción

Un semestre máis a atonía normalizadora é o signo distintivo do que sucede en Galicia. Non se pode destacar ningunha norma ou sentenza con impacto neste ámbito e a actividade da Administración autonómica (e das locais) en pouco se alonxa da xestión rotineira dos orzamentos en actividades dun contido fundamentalmente cultural, mais con escaso efecto na mellora da situación da lingua.

2 Unha lei de grande simbolismo mais con pouco impacto normalizador

Unha única norma de rango legal contén algunha referencia lingüística e, aínda así, é unha lei dun valor simbólico, mais sen efectos na normalización lingüística.

A [Lei 5/2023, do 4 de agosto, do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres](#) vén poñer fin a un longo desencontro na xestión dun lugar de alto simbolismo onde están enterrados entre outros Rosalía Castro e Alfonso Daniel Castelao. Este panteón ubicado nunha igrexa aparentemente desacralizada pero na que a Igrexa conseguiu un recoñecemento da súa titularidade, tiña pendente unha regulación que establecera quen pode soterrarse aí e como se coida e se adoptan decisións sobre un espazo desta natureza. Finalmente a regulación aprobada coloca a tutela nas mans dunha fundación na que teñen participación as Administracións implicadas, o arcebispado, mais onde é o Parlamento o que exerce as funcións principais -o presidente éo tamén do padroado da fundación e asegúrase que as decisións se adopten con maiorías reforzadas para que haxa grande acordo sobre a súa pertinencia-.

En relación coa lingua hai que salientar que son precisamente os méritos en relación coa lingua e cultura galega uns dos aspectos que se valoran para decidir que unha persoa debe ser soterrada neste lugar senlleiro. O artigo 2 establece que se honrará "as galegas e os galegos que se teñan distinguido durante a súa vida polos servizos prestados a Galicia, particularmente:

- Na defensa dos valores compartidos polo pobo galego, como o respecto á dignidade das persoas e aos seus dereitos, á liberdade ou á solidariedade.
- Na reivindicación da cultura, da lingua galega e da personalidade histórica de Galicia.
- Na contribución ao coñecemento científico e ao desenvolvemento das ciencias humanas, sociais, naturais, da saúde ou tecnolóxicas.
- Na creación artística e literaria galega".

3 Unha actividade de fomento deslabazada é o núcleo duro da actividade lingüística autonómica

A [actividade da Secretaría Xeral de Política Lingüística](#) segue limitándose ao ámbito do fomento co apoio económico a todo tipo de actividades de signo fundamentalmente cultural e literario aos que presta axuda por desenvolverse en lingua galega. A este, frenético e carente de planificación e obxectivos, despregue de actividades de baixo impacto normalizador únese a convocatoria rotineira das subvencións ao ensino e aos entes locais que son a única actividade constante que vén desenvolvendo a administración galega. Así publicáronse no DOG a Resolución do 21 de xullo de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 18 de abril de 2023; a Resolución da convocatoria de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ao abeiro da Orde do 6 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PL400A); a Resolución das subvencións aos proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2022/23 (PL500B) e a Proposta definitiva de resolución das axudas aos proxectos de fomento do uso do galego dos centros públicos ao abeiro da ORDE do 16 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de

proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2022/23 (código de procedemento PL500A). Tamén a convocatoria periódica dos lectorados de galego pola ORDE do 28 de abril de 2023 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para 2023 (código de procedemento PL500E).